

O DIÑEIRO E AS TEORÍAS DA INFLACIÓN BASEADAS NO CONFLICTO

MARCO MUSELLA

Departamento de Teoría Económica e Aplicacións

Facultade de Economía

Universidade de Nápoles

Recibido: 20 marzo 1998

Aceptado: 10 maio 1999

Resumo: O obxectivo deste traballo consiste en demostrar que, contrariamente ó que se argumenta con frecuencia, existen modelos de inflación baseados no conflito que consideran explicitamente aspectos monetarios. Para iso presentanse diversos tipos de modelos nos que a oferta monetaria se considera alternativamente como exóxena e endóxena.

Palabras clave: Inflación / Oferta monetaria / Conflicto salarial.

MONEY AND CONFLICTING CLAIMS THEORIES OF INFLATION

Summary: This paper attempts to show that, contrary to what it is often claimed, there are inflation models based on conflict which explicitly consider monetary aspects. In order to do this, several kinds of models are presented where monetary supply is considered either exogenous or endogenous.

Keywords: Inflation / Monetary supply / Salary conflict.

INTRODUCCIÓN

De acordo con algúns autores destacados, as “teorías da inflación baseadas no conflito” pasan por alto os aspectos monetarios¹. Johnson, que denominou “keynesianas” estas teorías, no seu libro máis influínte do ano 1971 escribiu: “*Nos modelos keynesianos, a inflación é unha consecuencia da loita competitiva pola participación na renda nacional. (...) Dende un punto de vista económico este enfoque non é demasiado interesante: (...) o comportamento é independente do contorno monetario*” (Johnson, 1971, pp. 149-50).

A opinión de Johnson foi compartida nos anos seguintes por moitos autores². Addison e Burton (1984, p. 113), que denominan as teorías baseadas no conflito “teorías sociopolíticas” da inflación expresaron as mesmas ideas: “*A análise socio-política pode nalgúns casos considerarse como a reencarnación da análise por empurrón de custos modificada dun xeito apropiado. Sen embargo, aínda queda al-*

¹ A expresión “teorías da inflación baseadas no conflito” está, neste caso, relacionada coas teorías principais “non neoclásicas” da inflación, tales como a interpretación neokeynesiana da inflación (por exemplo, Kaldor e Trewthick, 1981, pp. 16-19), a neoricardiana (por exemplo, Garegnani, 1979, pp. 79-81; Pivetti, 1985; Panico, 1985), a neokaleckiana (por exemplo, Kalecki, 1971; Myatt, 1986; Dutt, 1990, pp. 80-86) e a neomarxista (por exemplo, Rowthorn, 1977; Skott, 1990). Para unha presentación xeral dun “modelo simple de inflación de reivindicacións conflictivas” véxase tamén Lavois (1993, pp. 391-402).

² Ver, por exemplo, as investigacións de Laidler e Parkin (1975) e Lipsey (1979).

gunha ambigüidade dentro do funcionamento xeral do pensamento sociopolítico polo que se refire ó papel do diñeiro que xera inflación".

Isaac (1991, p. 93), nun artigo sobre estes temas, di tamén que: "O modelo de reivindicacións conflictivas une a inflación directamente co conflicto distributivo (...) Tal vez esta unión da inflación coas variables non-monetarias é responsable da tendencia desta tradición de modelación de ignora-lo rol do diñeiro e da política monetaria á hora de determina-los resultados macroeconómicos".

O obxectivo principal deste traballo é demostrar que o punto de vista anterior non está xustificado dado que existen modelos de inflación baseados nas reivindicacións conflictivas nos que se consideran explicitamente aspectos monetarios

Nestes modelos imos mostrar que se poden atopar máis maneiras ca unha de introduci-la oferta monetaria (e a súa relación coa taxa de inflación). Para clasificar estes diversos modos, utilizarémo-la definición clásica de oferta monetaria endóxena e esóxena de Pierce e Shaw³, para identificar tres casos de "tese": 1) oferta monetaria esóxena; 2) endoxeneidade política da oferta monetaria; 3) endoxeneidade técnica da oferta monetaria⁴.

O traballo desenvólvese da seguinte maneira. A sección segunda trata do modelo de conflicto social e inflación de Rowthorn, que pode ser considerado coma un exemplo destacado de "modelo de inflación baseado nas reivindicacións conflictivas" no que a oferta monetaria se considera como unha variable "esóxena".

A sección terceira, presenta primeiro o modelo de inflación de Weintraub onde a oferta monetaria "se converte en endóxena" por medio dunha decisión "política" das autoridades monetarias; e, de seguido, analízase un modelo da década dos oitenta, o "modelo da neosíntese"⁵, elaborado a partir dun punto de vista da oferta monetaria similar ó de Weintraub, pero cunha interpretación distinta no tocante ó proceso de determinación de salarios.

A sección cuarta presenta o "modelo kaldoriano" de inflación baseado nas reivindicacións conflictivas no que a endoxeneidade da oferta monetaria depende de cómo funcione "teoricamente" o sistema monetario nunha economía capitalista moderna. Nesta sección propónense algunas conclusións.

³ "Por oferta monetaria esóxena entendemos a que está determinada por factores distintos daqueles nos que estamos interesados, é dicir, factores que están fóra do sistema que se está considerando; mentres que por endóxena entendemos aquela que está determinada por unha ou máis variables contidas dentro do sistema que está sendo estudiado (...) Sen embargo, as dificultades xorden se as autoridades monetarias, ainda que capaces de determina-la oferta monetaria, de feito non o fan, senón que polo contrario, debido á súa lonta por acudar outros obxectivos, simplemente actúan dun xeito pasivo e permiten que a oferta monetaria aumente ou diminúa como resposta ós cambios na demanda do sistema. Cando isto ocorre a oferta monetaria deixá efectivamente de ser esóxena e convértese en endóxena" Pierce e Shaw (1974, pp. 141-142). Ver tamén Pierce e Tysome (1985, p. 84). Sobre a teoría da oferta monetaria endóxena, consultar tamén Musella e Panico (1995).

⁴ Para unha clasificación similar, ver Rousseas (1986, pp. 73-89). Pollin (1991) propuxo unha clasificación diferente.

⁵ Ver, por exemplo, Mc Callum (1983, 1986) e Taylor (1979).

O DIÑEIRO ESÓXENO E O MODELO BASEADO NAS REIVINDICACIÓNOS CONFLICTIVAS

En 1977 Rowthorn publicou un traballo no que concibía a inflación coma o resultado da existencia na economía do conflicto sobre a distribución da renda e no que a oferta monetaria se consideraba explicitamente (Rowthorn 1977, 1995 e 1996). O modelo partía dunha reconstrucción "neomarxista" da curva de Phillips, segundo a cal unha reducción do paro leva os traballadores e o capital a reclamar unha maior participación na renda. Realmente, cando o desemprego é baixo tanto a demanda de man de obra coma a de mercadorías é alta e, en consecuencia, os traballadores e os capitalistas reclaman unha maior participación na renda; isto significa que os soldos e os prezos aumentan máis rapidamente. Deste xeito, no modelo de Rowthorn temos unha curva de Phillips porque cando o paro baixa, a inflación —debido a unha serie de feitos en cadea— sobe⁶.

Rowthorn formula este punto de vista da seguinte maneira⁷:

$$p = \phi(y) \quad (1)$$

onde p é a taxa de inflación e y é a taxa de crecemento da produción.

Rowthorn, a continuación, introduce o diñeiro no seu modelo por medio da seguinte ecuación cuantitativa:

$$p = m - y \quad (2)$$

onde m é a taxa de crecemento da cantidade diñeiro en circulación e na que non se fai referencia á velocidade de circulación, porque se asume que é constante.

A terceira e última ecuación do modelo especifica o comportamento da oferta monetaria:

$$m = m^* \quad (3)$$

⁶ Para un modelo similar ver Carlin e Soskice (1990, pp. 135-166). Ver tamén Jossa e Musella (1998, pp. 89-104).

⁷ Facemos algunas asuncións simplificadoras:

A.1 $U_t = 1 - L_t$

A.2 $L_t = n_t + g^*$

A.3 $y_t = n_t + a^*$

so: $U_t = 1 - L_t (1 + y_t + g^* + a^*)$

onde L é a taxa de emprego, U a taxa de paro, I a variación de L , n a taxa de crecemento do emprego, g^* a taxa constante de crecemento da poboación e a^* a taxa de crecemento da productividade da man de obra, definida esoxenamente; t e $t-1$ mostran a unidade de tempo á que se refiren as variables.

Esta ecuación non aparece no artigo que Rowthorn escribiu en 1977. Sen embargo, ofrece unha representación correcta do punto de vista que o devandito autor deixá ver cando determina a oferta monetaria⁸, xa que el mesmo, dun xeito explícito, manifesta que o Banco Central sempre pode modificar á súa vontade a oferta monetaria, independentemente tanto dos empurróns das centrais sindicais e das empresas monopolizadoras coma do incremento da demanda de crédito⁹.

É importante observar que a hipótese da oferta monetaria esóxena, que nós introducimos no modelo de Rowthorn por medio da ecuación (3), está baseada non só na capacidade política do Banco Central para fixa-la oferta monetaria independentemente das presións sociopolíticas, senón tamén na posibilidade técnica de levala a termo. Pero esta capacidade técnica leva implícito que:

- o Banco Central determina dun modo preciso a cantidade da base monetaria;
- o valor do multiplicador do diñeiro coñécese ben porque os parámetros son constantes ou porque son funcións estables dos tipo de xuro;
- o sistema non crea diñeiro substitutivo cando as necesidades comerciais aumentan.

No modelo de Rowthorn estas asuncións fanse dun xeito implícito. Polo tanto, a conclusión principal do traballo do devandito autor podería ser modificada se se eliminase ou a hipótese da autonomía política das autoridades monetarias ou o control técnico da oferta monetaria.

Sen embargo, se asumimos que a oferta monetaria é esóxena, o valor de equilibrio de y e p —punto E na figura 1— depende tanto do valor de m^* coma dos parámetros de conflicto (incluídos nas ecuacións anteriores no parámetro ϕ) que lle dan forma á ecuación de Phillips.

Polo tanto, ó contrario do punto de vista ben coñecido dos modelos baseados nas reivindicacións conflictivas, a análise presentada por Rowthorn en 1977 considera dun xeito explícito os aspectos monetarios. As autoridades monetarias teñen tamén un rol importante no tipo de loita de clases: ó regulamenta-la taxa de crecemento da oferta monetaria, elas poden controla-la intensidade do conflicto social entre os traballadores e o capital, e afecta-lo nivel de actividade e distribución da renda. Se o Banco Central escolle un incremento máis rápido da oferta monetaria, a curva MM' inclínase cara á dereita, segundo se mostra coa liña MM' da figura 1. O paro verase reducido, as centrais sindicais e as empresas veranse fortalecidas de tal xeito que as


⁸ Nun modelo analíticamente máis preciso e completo nós presentaríamós-lo crecemento coma unha variable estocástica, pero polo que ó noso modelo se refire non paga a pena complicalo.

⁹ Ver Rowthorn (1977, p. 230): "Algunxs argumentan que o diñeiro desempeña un rol puramente pasivo e que o sector privado endexamais se ve afectado pola escaseza ou abundancia de diñeiro, mentres que outros argumentan que o diñeiro desempeña un rol máis activo e que os factores monetarios poden exercer unha influencia independente sobre a actividade económica. Na opinión do autor este último posicionamento é o correcto".

demandas pola participación na renda aumentarán e os soldos e os prezos tamén subirán¹⁰.

Con relación á interpretación neoclásica, tanto da curva de Phillips coma do rol de política monetaria, poderíase ver que Rowthorn chega a unha conclusión parecida. Sen embargo, dende o punto de vista deste autor non existe equilibrio entre oferta e demanda que sirva de punto de referencia da política monetaria. De feito, el estase a referir ó equilibrio como o índice de paro no que os traballadores e o capital son tan débiles que a suma das reivindicacións de ámbolos dous é a penas compatible coa renda. De feito, Rowthorn foi un dos primeiros autores que introduciu a NAIRU en lugar da NRU: "No monetarismo convencional U^* é a taxa natural de paro, que está primordialmente determinada pola estrutura competitiva e informativa do mercado de traballo. (...) Na teoría presente, sen embargo, U^* representa o índice de paro no que as reivindicacións das partes rivais se fan mutuamente consistentes. As funcións de demanda como reguladoras do conflicto de clases. No que os traballadores se refire, un nivel baixo de demanda illa os elementos combativos da masa traballadora e fortalece o poder dos líderes moderados fronte ós elementos disidentes. Polo que ós empresarios respecta, rebaixa a súa capacidade de elevar os prezos e pode forzalos a revisar á baixa as marxes de ganancia fixadas" (Rowthorn, 1977, p. 237).

Figura 1



ENDOXENEIDADE POLÍTICA DO DIÑEIRO NOS MODELOS BASEADOS NAS REIVINDICACIÓNIS CONFLICTIVAS

O MODELO DE WEINTRAUB

Ó final da década dos setenta, Sidney Weintraub propuxo en varios artigos unha análise da inflación na que o incremento do índice xeral dos prezos é a consecuencia

¹⁰ Ver Rowthorn (1977). Para unha análise máis recente da relación entre a loita de clases e a inflación que ten moitas semellanzas co modelo de Rowthorn, consultar Skott (1990). Ver tamén Rowthorn (1995, 1996).

do incremento nos salarios monetarios. Tamén considerou comprensible o fenómeno da inflación sen ningunha referencia ó incremento da oferta monetaria; sobre este tema Keynes escribiu algunas cousas importantes: o libro 5 (caps. 20 e 21) de *General Theory (Teoría Xeral)* contén “numerosos e lúcidos comentarios sobre a importancia clave da unidade salarial na inflación” (Weintraub, 1978b, p. 250, nota ó pé de p. 5).

Weintraub pensou que os salarios monetarios son unha variable esóxena: os salarios non obedecen ós parámetros oferta-demanda, pero están determinados por factores políticos e sociolóxicos sobre os que as forzas económicas teñen efectos escasos e illados¹¹.

Escribiu a seguinte ecuación para a taxa de inflación:

$$p = w^* - a^* \quad (4)$$

onde w^* é a taxa de crecemento dos soldos monetarios determinados (esoxenamente) polas condicións do conflicto social sobre a distribución da renda; estas condicións non se ven afectadas a curto prazo pola taxa de paro (Weintraub, 1978a, pp. 91-112). Podemos observar unha primeira e relevante diferencia con respecto ó modelo de Rowthorn, no que o desemprego é o regulador do incremento salarial.

Por outro lado, aínda que os aspectos monetarios non lle afectan á taxa de inflación, Weintraub analizounos explicitamente. De feito, a segunda ecuación do seu modelo é a ecuación cuantitativa, que escribiu da seguinte maneira:

$$\alpha m = p + y \quad (5)$$

$$\text{onde } \alpha = 1 + \left(\frac{dV/V}{dM/M} \right).$$

A hipótese de Weintraub sobre o parámetro α é a principal razón pola que recibe a consideración de “endoxenista político”¹². De feito, el asume a estabilidade de α e a súa independencia da taxa da oferta monetaria, de tal maneira que α é un parámetro coñecido para o Banco Central: as autoridades monetarias sempre poden escoller se o incremento da demanda de diñeiro procedente da economía ten que ser acomodaticia ou non, e esta elección non exerce ningún impacto especial sobre a estabilidade financeira (Weintraub, 1978, pp. 71-73).

Weintraub considerou coma un comportamento “neutral” do Banco Central unha situación na que este se acomodase completamente ás “necesidades do comercio”.

¹¹ Esta é unha das teses principais da tradición keynesiana. Ver, por exemplo, Robinson (1962, p. 70), Hicks (1974), Eichner e Kregel (1975, p. 1305), Kahn (1976), Weintraub (1978a, 1978b, 1981).

¹² Para unha interpretación parecida ó punto de vista de Weintraub sobre o diñeiro, ver Rousseas (1986).

No modelo que aquí se presenta, esta é a situación na que:

$$y = y^* \quad (6)$$

O noso modelo simple agora está completo e podemos indicar a súa solución. A ecuación (4) determina o valor de p^* e a ecuación (5) a taxa de crecemento da oferta monetaria.

$$m = \left(\frac{1}{\alpha} \right) (p^* + y^*) \quad (7)$$

Se a taxa de crecemento da oferta monetaria segue unha “norma” distinta (por exemplo a regra Friedman), a seguinte ecuación (8) substitúe á ecuación (6):

$$m = m^* \quad (8)$$

Neste caso, o valor de y convértese en endóxeno e está determinado por (5):

$$y = \alpha m^* - p^* \quad (9)$$

Podemos ve-la relación entre soldos e desemprego, neste caso, mediante unha simple integración do modelo (tamén proposto por Weintraub):

$$y = n + a^* \quad (10)$$

A ecuación (9), tendo en conta a ecuación (4), convértese en:

$$n = \alpha m^* - w^* \quad (11)$$

De tal xeito que, se as autoridades monetarias deciden non ser “neutrais”, no sentido que Weintraub lle dá a esta palabra, senón que, pola contra, seguen algunha clase de “regra de Friedman”, xorde unha relación negativa entre emprego e salarios.

Sen embargo, este é un modelo a curto prazo. De feito, a longo prazo a existencia da relación entre paro e incremento salarial ten que ser tida en conta. Weintraub deixou dito moi claramente algo moi apropiado nos artigos escritos conjuntamente con Davidson en 1973: “Para os fenómenos reais de crecemento e emprego pleno, a política monetaria non é algo que sexa decisivo. Con respecto á inflación, nunha economía con salarios esóxenos, é tremendaente deficiente. Podería recuperar-lo seu dominio anterior só se se permitise facer avances nos salarios monetarios á custa do

paro e da miseria humana que é algo que se considera neste momento inaceptable para as sociedades modernas" (Davidson e Weintraub, 1973, p. 1132)¹³.

Neste sentido podemos concluir que a curto prazo o Banco Central non ten influencia sobre a inflación e que a política monetaria só lles afecta ó crecemento da produción e á taxa de paro. Se o Banco Central non adapta a oferta monetaria á súa demanda, o desemprego subirá; de feito, a inflación depende do conflicto social para a distribución da renda que non estea afectada pola política monetaria a curto prazo. Desta maneira, Weintraub considera que a "estanflación" (estancamiento con inflación) é consecuencia dunha percepción errada por parte do Banco Central do papel que el mesmo ten que desempeñar: o Banco Central, ó que lle gustaría ataca-la inflación, pon en práctica unha política económica máis rigorosa, pero o que de feito consegue é actuar de freo dos niveis de emprego.

A longo prazo, é sempre posible que unha política monetaria máis rigorosa reduza a inflación e os agregados monetarios, pero isto ocorre a través dun mecanismo perverso: se un paro elevado perdura, as centrais sindicais debilitanse e as reivindicacións salariais vense reducidas.

O "MODELO NEOSÍNTSE"

Na década dos oitenta houbo algunas outras contribucións¹⁴ nas que a inflación baseada nas reivindicacións conflictivas foi exposta nun contexto onde o proceso de determinación salarial seguía o punto de vista da curva de Phillips. Nestes traballos prodúcese un incremento da masa monetaria, debido a unha decisión política, logo dun aumento dos prezos; pero a taxa de crecemento da primeira non é necesariamente igual á taxa de crecemento dos segundos. Isto significa que nós podemos introduci-lo "grao de acomodación" (a porcentaxe na que o incremento da oferta monetaria segue ó índice de incremento dos prezos) e, deste xeito, convértese nunha das principais referencias para a política económica. Eu recollo estas ideas nun modelo que pode denominarse o "modelo neosíntese", debido a que os seus lazos coa tradición neoclásica son bastante relevantes.

Este modelo é diferente do de Weintraub en dous aspectos:

- Hai un parámetro — β — de política económica que expresa o "grao de acomodación". $0 < \beta < 1$.
- O incremento do salario monetario ten un compoñente esóxeno e máis outro endóxeno; é unha función da taxa de desemprego, pero reconécese a posibilidade de reivindicacións salariais independentes que xorden máis directamente do desexo de modifica-la distribución da renda.

¹³ Para un exposición semellante ver Sylos Labini (1984); Cornwall (1984) fala da "política de rendas". Sobre este punto, véxase tamén Jossa e Musella (pp. 73-84).

¹⁴ Ver, por exemplo Mc Callum (1983, 1986), Tarantelli (1986).

As principais ideas deste punto de vista dos oitenta, tanto no que se refire ó proceso de determinación dos salarios coma no que ten relación coa oferta monetaria, poden recibir forma nun modelo bastante similar ó dos parágrafos anteriores; de feito —sobre a base das consideracións previas, xunto con algunas simplificacións¹⁵—, podemos escribir:

$$w = w_{ex} + g(n-n^*) \quad (7)$$

$$m_d = w + n \quad (8)$$

$$m_s = n^* + \beta w \quad (9)$$

Ó determinar para $(n-n^*)$ a desviación que o índice real do aumento do emprego sofre a partir do seu valor do equilibrio, obtemos:

$$(n-n^*) = \tau w_{ex} \quad (10)$$

$$\text{onde } \tau = \left(\frac{\beta - 1}{g(1-\beta) + 1} \right) < 0.$$

O valor absoluto de τ será maior cando β sexa máis pequena (de feito, se $\beta=1$, $\tau=0$, podemos retoma-lo modelo de Weintraub), e é máis pequeno cando g é maior. Queda claro que os aspectos monetarios, tamén neste modelo, están considerados nun contorno de reivindicacións conflictivas.

O resultado máis importante "da curva de Phillips aumentada con conflictos" é o seguinte: un grao superior de acomodación da política monetaria reduce os efectos dun incremento salarial esóxeno sobre o nivel real de emprego. A existencia dunha relación de Phillips, por outra parte, é a maneira a través da que unha política monetaria máis rigorosa lle afecta á dinámica salarial¹⁶.

Deste xeito, nunha "curva de Phillips aumentada con conflictos" con endoxenidade política da oferta monetaria, as autoridades monetarias poden ter influencia, especialmente, sobre a inflación e o paro; elas teñen a posibilidade de modifica-lo curso da economía despois dun aumento salarial esóxeno. A partir da ecuación (10), podemos dicir que tanto máis acomodativa sexa a estratexia do Banco Central maior será o efecto que o aumento esóxeno da masa salarial exercerá sobre a inflación (e menor sobre o paro).

¹⁵ Nós asumimos que a relación entre w e $(n-n^*)$ é lineal.

¹⁶ Dentro deste marco están escritas varias das contribucións do libro editado por Bean, Layard e Nickell (1987). A contribución seminal ós contratos encadeados de J.B. Taylor (1979) tamén ofrece unha estrutura moi similar. Aquí, a relación entre permisividade monetaria e persistencia das perturbacións inflacionistas considerouse dun xeito moi semellante á ecuación proposta no texto.

Igual ca no modelo de Rowthorn, no enfoque “neosíntese”, o rol tradicional da política monetaria —no que as autoridades monetarias poden controla-la inflación por medio do control do paro— estará a salvo, xa que o Banco Central pode ter influencia no funcionamento macroeconómico da inflación e do paro a curto prazo.

PUNTO DE VISTA KALDORIANO SOBRE AS REIVINDICACIÓNIS CONFLICTIVAS E A ENDOXENEIDADE TÉCNICA DO DIÑEIRO

Segundo se pode ver na cita de Johnson, hai un “punto de vista kaldoriano” da inflación no que o aumento dos prezos é unha consecuencia da loita pola participación no reparto da renda nacional.

Por exemplo, nos artigos que Kaldor escribiu sobre “Inflación e crecemento económico” en 1959 pódese le-lo seguinte: “*Sen un aumento continuado nos salarios monetarios, a inflación non podería continuar coma un proceso no tempo. É precisamente o incremento dos salarios o que goberna a demanda monetaria (...) Cando os salarios monetarios aumentan a un índice superior, os beneficios monetarios tamén se incrementarán con maior rapidez ...*” (Kaldor, 1959, p. 292).

E nun artigo escrito conxuntamente con Trevithick no ano 1981 volvete manifestar que: “*Dende o noso punto de vista o inexorable aumento nos prezos industriais no período da posguerra... foi una consecuencia da concentración do incremento do poder económico tanto ó carón do capital coma ó dos traballadores de centrais sindicais combativas combinado cunha política de prezos monopolista na industria*” (Kaldor e Trevithick, 1981, p. 16).

O “punto de vista kaldoriano” da inflación e do conflicto social pode analizarse utilizando a mesma ecuación do modelo de Weintraub. De feito, por un lado, no traballo que Kaldor publicou no ano 1959 criticaba a curva de Phillips e, por outro, nos seus artigos faise referencia á relación entre salarios monetarios e desemprego¹⁷.

Polo tanto, podemos botar man outra vez da ecuación (4), incluso áinda que sexa necesario facer algúns comentarios sobre ela. A ecuación (4) tería que ser máis complexa porque Kaldor e outros autores, que tratan o tema dos procesos inflacionistas seguindo as liñas marcadas por el, consideran as variacións da marxe de beneficio, do tipo de xuro e do sistema impositivo coma un incremento esóxeno dos salarios, sendo todas elas causantes da inflación de prezos¹⁸. De feito, neste enfoque teórico, os traballadores teñen un obxectivo de salario real e cada unha das variacións dos

¹⁷ Debería ser posible introducir un modelo diferente de inflación baseado no conflicto, parecido ó de Dalziel de 1990 ou ó de Sarantis de 1990-91, pero dado o carácter deste traballo parece mellor botar man das ecuacións de Weintraub.

¹⁸ Para unha análise máis polo miúdo dos factores que inflúen na inflación dos prezos, ver Coutts, Tarling e Wilkinson (1976), Cripps (1977), Kaldor (1980). Para unha teoría de prezos máis completa, consultar Coutts, Godley e Moreno (1987).

factores que produza o efecto de distancia-lo salario real efectivo do que se ten coma obxectivo produce a reacción dos traballadores: os salarios monetarios aumentan e, xeralmente, os prezos seguen o camiño dos salarios monetarios, ata tal punto que tamén entran en xogo outras características institucionais e sociais do sistema económico.

Polo que concirne ó diñeiro, tamén é conveniente utilizar as ecuacións (5) e (7) do modelo de Weintraub; pero incluso neste caso fan falta algunas observacións.

Kaldor e outros autores poskeynesianos reconhecen que, se a ecuación (5) se considera coma unha identidade, é sempre verdadeira. Pero mentres que os monetaristas e Weintraub a transforman nunha ecuación por medio da asunción de que a elasticidade da velocidade de circulación, e en consecuencia tamén o valor do multiplicador do diñeiro, é un parámetro estable independentemente do comportamento do Banco Central, Kaldor non acepta esta idea. A deducción de Weintraub de que a endoxeneidade da oferta monetaria é unha consecuencia da decisión política do Banco Central está baseada nesta asunción. Segundo a opinión de Kaldor, sen embargo, o comportamento de α está intimamente ligado ó grao de acomodación do Banco Central dun xeito no que o aumento da oferta monetaria (coma fluxo) é unha consecuencia do incremento da demanda monetaria, ben porque o Banco Central prové as necesidades do comercio ou porque a velocidade de circulación do diñeiro aumenta. Polo tanto só se os Bancos Centrais satisfán as necesidades do comercio, a elasticidade da velocidade pode tomarse coma un parámetro constante¹⁹.

De feito, as ideas kaldorianas sobre a oferta monetaria son bastante diferentes tanto da hipótese da exoxeneidade coma da tese política da endoxeneidade.

O principal argumento é a idea de que o Banco Central non ten un control completo, incluso nun sentido técnico, da cantidade de diñeiro, agás no caso no que renuncia ó control doutros elementos do sistema económico e financeiro a curto prazo e mesmo ó seu rol institucional a longo prazo²⁰. Pero incluso neste caso a cantidade de diñeiro —(agás se adoptamos una definición do diñeiro que non teña utilidade operativa)— non está determinada dun modo preciso polo Banco Central. A curto prazo esta é unha consecuencia da existencia de canles automáticas de creación de diñeiro e a longo prazo produciríase un cambio nos medios de pagamento que se utilizan na economía.

De feito, nunha consideración máis xeral, se examinámos o comportamento autónomo do Banco Central, observamos que se pode atopar con moitas dificultades, ben

¹⁹ Minsky (1957) e Rousseas (1960) desenvolveron hai moitos anos a idea de que, se a política monetaria se fai máis restrictiva, a velocidade de circulación do diñeiro aumenta. Os autores poskeynesianos, xeralmente, interpretan a estabilidade do multiplicador do diñeiro coma unha consecuencia do comportamento neomodadicio do Banco Central. Ver Kaldor (1970) e maila investigación de Lavoie (1984). Consultar tamén, para un claro posicionamento sobre este tema, Goodhart (1989a, pp. 130-137). Ver tamén o debate entre Pollin (1991), Moore (1991) e Palley (1991).

²⁰ Para unha exposición clara e completa destes argumentos, consultese Lavoie (1984) e Niggle (1991).

se desexa provocar un aumento da cantidad de diñeiro cando non existe un incremento na súa demanda, ou ben se pretende reduci-la cantidad de diñeiro en circulación cando a súa demanda é grande.

Moitos autores, con relación á primeira afirmación do parágrafo anterior, demostraron que o Banco Central non acada o obxectivo de incrementa-la cantidad de diñeiro cando non se produce un aumento na súa demanda.

Polo que á segunda afirmación se refire, sen dúbida ningunha máis relevante para o noso propósito, Kaldor e máis unha rama da literatura poskeynesiana observaron as seguintes probas:

- a) En xeral hai moito espacio para aumenta-los depósitos en bancos, incluso coa mesma cantidad de base monetaria²¹.
- b) Nos sistemas económicos contemporáneos é fácil conseguir substitutos do diñeiro cando este é escaso²².
- c) O Banco Central, como prestamista de última instancia, non lles denega diñeiro ós bancos. Polo tanto, se intenta reduci-la oferta monetaria por medio de operacións de mercado aberto cando a demanda de diñeiro é alta, é posible (e incluso probable) que os bancos obteñan máis diñeiro "na ventaniña" a menos prezo ou por medio doutras canles²³.
- d) Finalmente, a longo prazo unha política monetaria restrictiva pode te-las consecuencias dun aumento da velocidade das innovacións financeiras e a través delas é posible que o mesmo rol institucional do Banco Central, de feito, cambie.

Sen dúbida ningunha, os argumentos anteriores non implican necesariamente que o Banco Central non teña ningún tipo de influencia sobre a cantidad de diñeiro en circulación²⁴: pode manexa-los tipos de xuro e polo tanto causar variacións na demanda de diñeiro e, en consecuencia, na oferta monetaria. E, en xeral, reacciona ante un aumento inesperado da demanda de diñeiro xusto desta maneira. Pero non pode utilizar estes instrumentos sen limitacións. De feito, unha variabilidade excesiva ou aumentos fortes e repentinos nos tipos de xuro poderían ter efectos notorios sobre a estructura financeira, sobre o sistema de medios de pago e tamén sobre o sector real da economía²⁵.

²¹ Esto xa foi proposto con moita forza por Tobin (1963).

²² Ver especialmente Kaldor (1970, 1985). Consultese tamén o traballo seminal de Minsky (1957).

²³ Para unha boa análise desta medida institucional, agora presente en moitos países, ver Moore (1988a, pp. 87-108). Tamén se pode consultar Argy, Brennan e Stevens (1990), onde se pode ver unha análise do resultado eficaz da política monetaria en moitos países occidentais durante a "idade monetarista".

²⁴ No último período o libro importante de Basil Moore causa a impresión de que quem acepte a idea da oferta monetaria endóxena ten na mente, necesariamente, unha función horizontal da oferta monetaria como a descripción correcta da política monetaria, e non como unha descripción simplificadora da maneira en que a política monetaria funciona. Para unha análise crítica desta idea, consultar Musella e Panico (1992), Goodhart (1989b).

²⁵ Estes aspectos xa foron investigados con máis profundidade por Kaldor (1958). Para unha análise do posicionamento de Kaldor sobre este argumento, ver Musella e Panico (1992, 1995) e Desai (1989b).

Deste xeito, podemos dicir que nas publicacións de Kaldor e doutros autores poskeynesianos é posible atopar un punto de vista sobre a inflación orixinada por reivindicacións conflictivas no que os aspectos monetarios se consideran dunha maneira explícita, incluso se a idea de que a oferta monetaria é endóxena, debido a unha decisión técnica do Banco Central, nos leva a unha interpretación da política monetaria completamente diferenciada da neoclásica.

De feito, autores endoxenistas técnicos poñen unha énfase especial na xestión dos tipos de xuro. Agora, din eles, cando a inflación xorde do conflito, as autoridades monetarias poden toma-la decisión de aumenta-los tipos de xuro para estrangula-lo crecemento da demanda monetaria, pero, a curto prazo, probablemente non acaden o obxectivo e, en consecuencia, os custos suban e o mesmo ocorra cos prezos²⁶. Durante un período longo, se os tipos de xuro son o suficientemente altos afectaranllas dun xeito negativo á produción e ó emprego; se esta situación perdura durante un período longo de tempo, as centrais sindicais veranse debilitadas e o incremento dos salarios (e prezos) retardarase.

Con referencia ó experimento levado a cabo en Gran Bretaña, Kaldor escribiu no ano 1985: "*O Goberno, polo tanto, fallou dun modo claro en levar a cabo os seus obxectivos en termos ben de crecemento da oferta monetaria ou do aumento do déficit no sector público. Pero, sen embargo tivo éxito (caso de que a palabra éxito sexa apropriada) en crear unha recesión económica profunda, recesión que vai moito máis lonxe cá experimentada por calquera outro país do mundo occidental. (...) O aumento do paro dende 1.2 millóns (...) xunto cos numerosos peches de fábricas, reais ou por medo, sen dúbida ningunha debilitaron enormemente o poderío das centrais sindicais e contribuíron deste xeito a retarda-la taxa de crecemento salarial en convenios recentes. Sen embargo, isto é unha consecuencia do desemprego xeneralizado debido á recesión; non pode ser debido a ningunha causa que ocorrese ou estea ocorrendo no eido da oferta monetaria*" (Kaldor, 1981, pp. 457-458)²⁷.

CONCLUSIÓN

Neste artigo preséntase algún tipo de proba sobre a atención que os modelos de inflación baseados no conflicto reservan para os problemas monetarios. Polo tanto, é posible dicir que as ideas críticas sobre estes enfoques baseados na falta de atención ó diñeiro carecen de fundamento.

Por outro lado, este traballo propón unha taxonomía nova dos enfoques conflictivos para a inflación baseada en dúas características: a maneira de cómo se trata ó diñeiro e a hipótese sobre o mecanismo de determinación salarial. Isto dá pé a catro puntos de vista distintos:

²⁶ Consultar Kaldor (1980). Myatt (1986) di que unha política monetaria más restrictiva tamén podería agravala loita distributiva e, por esta razón, aumenta-la inflación. Ver tamén Corbisiero e Musella (1997).

²⁷ Para unha descripción similar con referencia ós Estados Unidos de América, ver Moore (1988a, p. 270).

- 1) O punto de vista de Rowthorn. De acordo con isto, a oferta de diñeiro esóxena introduce no modelo de reivindicacións conflictivas coa curva de Phillips. Neste caso, as autoridades monetarias teñen un rol principal que consiste en controla-lo conflicto social e, por medio del, a inflación, tanto a curto como a longo prazo.
- 2) A interpretación de Weintraub. Nela a oferta monetaria é totalmente endóxena con respecto ó incremento nos prezos porque a decisión política e os salarios monetarios son esóxenos. As autoridades monetarias non teñen ningún rol sobre as reivindicacións conflictivas a curto prazo; sen embargo, en vez diso, poden exercer influencia sobre o conflicto social só se a política monetaria é tan restrictiva que un paro alto perdurase durante un longo tempo.
- 3) Un "enfoque neosíntese". Neste caso, o diñeiro é esóxeno nun sentido parcial e hai unha "Curva de Phillips de conflicto incrementado". As autoridades monetarias poden influir sobre o conflicto social por medio dunha política máis ou menos acomodativa.
- 4) A interpretación de Kaldor. Neste punto, os aumentos de prezos e salarios son esóxenos con relación ó paro e o diñeiro é endóxeno debido a unha decisión técnica do Banco Central. As autoridades monetarias poden exercer influencia sobre o conflicto social e a inflación por medio dunha política monetaria restrictiva só se seguen este comportamento durante un longo período de tempo; pero existe un alto custo en termos de desemprego e un cambio demasiado rápido nas institucións financeiras.

Estes son modelos teóricos e poderían ser interesantes para traballos futuros se a experiencia histórica proporciona algún tipo de indicación sobre qué modelo está mellor dotado para entende-lo comportamento económico das economías capitalistas.

BIBLIOGRAFÍA

- ADDISON, J.T.; BURTON, J. (1984): "The Sociopolitical Analysis of Inflation", *Weltwirtschaftliches Archiv*, vol. 120, núm. 1, pp. 90 - 119.
- ARGY, V.; BRENNAN, A.; STEVENS, G. (1990): "Monetary Targeting: The International Evidence", *The Economic Record*, vol. 66, núm. 192, (marzo), pp. 37-62.
- BEAN, C.R.; LAYARD, R.; NICKELL, S. (1987): *The Rise in Unemployment*. Oxford: Basil Blackwell.
- BRUNNER, K. (1989): "Money Supply", en J. Eatwell, M. Milgate e P. Newman: *The New Palgrave: Money*, pp. 263-267. Macmillan.
- CARLIN, W.; SOSKICE, D. (1990): *Macroeconomics and the Wage Bargain*. Oxford: Oxford University Press.
- CHICK, V. (1973): *The Theory of Monetary Policy*. Gray-Mills.

- CHICK, V. (1986): "The Evolution of the Banking System and the Theory of Saving, Investment and Interest", *Economies et Sociétés*, vol. XX, núm. 8-9, pp. 111-126.
- CORNWALL, J. (1984): "The Implications of an Inflationary Bias", en J. Cornwall [ed.]: *After Stagflation*, pp. 157-177. Basil Blackwell.
- COUTTS, K.; TARLING, R.; WILKINSON, E. (1976): "Wage Bargaining and Inflation Process", *Cambridge Economic Policy Review*, vol. 2, pp. 20-27.
- COUTTS, K.; GODLEY, W.; MORENO-BIRD, J.C. (1987): *Industrial Pricing in UK Manufacturing Industry under Conditions of Stagflation*. Cambridge: Department of Applied Economics.
- DALZIEL, P.C. (1990): "Market Power, Inflation, and Income Policy", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. 12, núm. 3, (primavera), pp. 424-438.
- CORBISIERO, G.; MUSSELLA, M. (1997): Controllo dell'offerta di moneta, stabilità del sistema finanziario ed equilibrio macroeconomico nell'analisi dei post-keynesiani: una critica alla distinzione tra accomodazionisti e strutturalisti", *Studi e Note di Economia*, núm. 2.
- CRIPPS, F. (1977): "Money Supply, Wages and Inflation", *Cambridge Journal of Economics*, vol. 1, pp. 101-112.
- DAVIDSON, P. (1988a): "Endogenous Money, the Production Process, and Inflation Analysis", *Économie Appliquée*, vol. XLI, núm. 1, pp. 151-169.
- DAVIDSON, P. (1988b): "Introduction: Three Views on the Endogenous Money Supply", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. X, (primavera), pp. 370-371.
- DAVIDSON, P.; WEINTRAUB, S. (1973): "Money as Cause and Effect", *Economic Journal*, vol. LXI, pp. 1117-1132.
- DESAI, M. (1989a): "Endogenous and Exogenous Money", en J. Eatwell, M. Milgate e P. Newman: *The New Palgrave: Money*, pp. 146-150. Macmillan.
- DESAI, M. (1989b): "The Scourge of the Monetarism: Kaldor on Monetarism and on Money", *Cambridge Journal of Economics*, vol. 13, pp. 171-182.
- DOW, S.C. (1988): "Money Supply Endogeneity", *Économie Appliquée*, vol. XLI, núm. 1, pp. 19-39.
- DUTT, A.K. (1990): *Growth, Distribution and Uneven Development*. New York: Cambridge University Press.
- EICHNER, A.S.; KREGEL, J. (1975): "An Essay on Post-Keynesian Theory: A New Paradigm in Economics", *Journal of Economic Literature*, vol. 13, núm. 4, (decembro), pp. 1293-1311.
- GOODHART, C.A.E. (1989a): *Money, Information and Uncertainty*. Macmillan.
- GOODHART, C.A.E. (1989b): "Has Moore become too Horizontal", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. XI, (fall), pp. 29-34.
- HICKS, J.R. (1974): *The Crisis in Keynesian Economics*. Oxford: Basil Blackwell.
- ISAAC, A.G. (1991): "Economic Stabilization and Money Supply. Endogeneity in a Conflicting Claims Environment", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. 14, (fall), pp. 93-110.
- JOHNSON, H.G. (1971): *Macroeconomics and Monetary Theory*. London: Gray-Mills.
- JOSSA, B.; MUSSELLA, M. (1998): *Inflation, Unemployment and Money: Interpretations of the Phillips Curve*, Aldershot: Edward Elgar.
- KAHN, R.M. (1976): "Inflation-A Keynesian View", *Scottish Journal of Political Economy*, vol. XXM, núm 1, (febreiro), pp. 11-15.

- KALDOR, N. (1958): "Monetary Policy, Economic Stability and Growth", en *Essays on Economic Policy I*, pp. 265-291. London: Duckworth, 1964.
- KALDOR, N. (1970): "The New Monetarism", *Lloyds Bank Review*, núm. 39, pp. 3-27.
- KALDOR, N. (1980a): *Origins of the New Monetarism*. University College, Cardiff Press.
- KALDOR, N. (1980b): "Monetarism and United Kingdom Monetary Policy", *Cambridge Journal of Economics*, vol. 4, pp. 293-318.
- KALDOR, N. (1981): "Fallacies of Monetarism", *Kredit und Kapital*, pp. 451-462.
- KALDOR, N. (1982): *The Scourge of Monetarism*. Oxford University Press.
- KALDOR, N. (1985): "How Monetarism Failed", *Challenge*, (maio-xuño).
- KALDOR, N.; TREVITHICK, J.A. (1981): "A Keynesian Perspective on Money", *Lloyds Bank Review*, 139, (xaneiro), pp. 1-19.
- KALECKI, M. (1971): *Selected Essays on the Dynamics of the Capitalist Economy 1953-1970*. Cambridge: Cambridge University Press.
- LAIDLER, D.; PARKIN, M. (1975): "Inflation: A Survey", *Economic Journal*, vol. LXXXV, (decembro), pp. 741-809.
- LAVOIE, M. (1984): "The Endogenous Flow of Credit and PostKeynesian Theory of Money", *Journal of Economic Issues*, vol. 18, (setembro), pp. 771-797.
- LAVOIE, M. (1993): *Foundations of Post-Keynesian Economic Analysis*. Aldershot: Elgar.
- LIPSEY, R.G. (1979): "World Inflation", *Economic Record*, vol. 55, pp. 283-296.
- MC CALLUM, J. (1983): "Inflation and Social Consensus in the Seventies", *Economic Journal*, vol. 93, (decembro), pp. 784-805.
- MC CALLUM, J. (1986): "Unemployment in OECD Countries in the 1980s", *Economic Journal*, vol. 96, (decembro), pp. 942-960.
- MINSKY, H.P. (1957): "Central Banking and Money Market Changes", *Quarterly Journal of Economics*, vol. LXXI, (maio), pp. 171-187.
- MOORE, B.J. (1979): "The Endogenous Money Stock", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. 2, (fall), pp. 49-70.
- MOORE, B.J. (1983): "Unpacking the Post-Keynesian Black Box: Bank Lending and the Money Supply", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. 5, (verán), pp. 537-556.
- MOORE, B.J. (1988a): *Horizontalists and Verticalists. The Macroeconomics of Credit Money*. Cambridge University Press.
- MOORE, B.J. (1988b): "The Endogenous Money Supply", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol X, (primavera), pp. 372-385.
- MOORE, B.J. (1988c): "Concluding Comments", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. X, (primavera), pp. 398-400.
- MOORE, B.J. (1989): "On the Endogeneity of Money Once More", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. XI, (primavera), pp. 479-487.
- MOORE, B.J. (1991): "Money Supply Endogeneity: "Reserve Price Setting" or "Reserve Quantity Setting", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. XIII, (primavera), pp. 404-413.
- MUSELLA, M.; PANICO, C. (1992): "Kaldor on Endogenous Money and Interest Rates", en G. Mongiovi e C. Ruhl [ed.]: *Alternative Traditions in Macroeconomics: Diversity and Convergence*, pp. 33-64. Aldershot: Edward Elgar.
- MUSELLA, M.; PANICO, C. [ed.] (1995): *The Money Supply in the Economic Process*. Aldershot: Edward Elgar.

- MYATT, A. (1986): "On the Non-Existence of a Natural Rate of Unemployment and Kaleckian Microunderpinning of Phillips Curve", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. 8, (primavera), pp. 447-462.
- NIGGLE, C.J. (1991): "The Endogenous Money Supply Theory. An Institutional Appraisal", *Journal of Economic Issues*, vol. XXV, (marzo), pp. 137-151.
- PALLEY, T.I. (1991): "The Endogenous Money Supply: Consensus and Disagreement", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. 13, núm. 3, (primavera), pp. 397-403.
- PANICO, C. (1985): "Market Forces and the Relation Between the Rates of Interest and Profits", *Contribution to Political Economy*, vol. 4, pp. 37-60.
- PIERCE, D., SHAW, D. (1974): *Monetary Economics*. London: Butterworth.
- PIERCE, D.J.; TYSOME, P.J. (1985): *Monetary Economics*. London: Butterworth.
- PIVETTI, M. (1985): "On the Monetary Explanation of Distribution", *Political Economy*, vol. 1, pp. 73-103.
- POLLIN, R. (1991): "Two Theories of Money Supply Endogeneity: Some Empirical Evidence", *Journal of Postkeynesian Economics*, (primavera), vol. XIII, pp. 366-395.
- ROBINSON, J. (1976): *Essays in the Theory of Economic Growth*. London: Macmillan.
- ROUSSEAS, S. (1960): "Velocity Change and the Effectiveness of Monetary Policy", *Review of Economics and Statistics*, vol. 42, (febreiro), pp. 27-36.
- ROUSSEAS, S. (1986): *Post Keynesian Monetary Economics*. Macmillan.
- ROUSSEAS, S. (1989): "On the Endogeneity of Money Once More", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. XI, (primavera), pp. 474-478.
- ROWTHORN, R.E. (1977): "Conflict, Inflation and Money", *Cambridge Journal of Economics*, vol. 1, pp. 215-239.
- ROWTHORN, R.E. (1995): "Capital Formation and Unemployment", *ESRC Center for Business Research*, WP 7, (maio).
- ROWTHORN, R.E. (1996): "Unemployment, Wage Bargaining and Capital-Labour Substitution", *AIEL Annual Conference*.
- SARANTIS, N. (1990-91): "Distribution and Terms of Trade Dynamics, Inflation, and Growth", *Journal of Post Keynesian Economics*, vol. 13, n. 2, (inverno), pp. 175-198.
- SKOTT, P. (1990): *Efficiency Wages, Mark-up pricing and Effective Demand*. (Center Discussion Paper, núm. 9026). Tilburg University.
- TAYLOR, J.B. (1979): "Staggered Wage Setting in a Macroeconomic Model", *American Economic Review*, vol. 69, (maio), pp. 108-113.
- TOBIN, J. (1963): "Commercial Banks as Creators of Money", en J. Tobin: *Essays in Economics I*, pp. 272-282. Chicago: Markham Publishing Company, 1971.
- WEINTRAUB, S. (1978a): *Capitalism, Inflation and Unemployment Crisis*. Addison Wesley.
- WEINTRAUB, S. (1978b): "Keynes", *Keynesians and Monetarism*. University of Pennsylvania Press.
- WEINTRAUB, S. (1981): "Bedrock in the Money Wage-Money Supply Inflation Controversy", *Banca Nazionale del Lavoro Quarterly Review*, vol. XXXIV, (decembro), pp. 439-446.
- WRAY, L.R. (1990): *Money and Credit in Capitalist Economies*. Aldershot: Elgar.